



Ricasolia virens (With.) H.H. Blom. & Tønsberg

Coñecida tamén como *Lobaria virens*. Similar a *L. pulmonaria* (ficha 10) pero o talo non presenta nin depresións nin sorais nin isidios e é menos abundosa. Medra nas árbores decíduas (foto 1), en bosques ben conservados húmidos e templados.

É moi sensible a contaminación.

Os talos foliáceos poden chegar ata os 10 cm de diámetro e os lóbulos teñen unha anchura de 0,5 a 1 cm.

À superficie é lisa ou pouco engurrada, deshidratada ten cor gris-verde ou gris-marrón (fotos 2,3), hidratada é de cor verde intenso (foto 5). À cara inferior é branca e lisa, sinálase na (foto 3).

Àpotecios de 1-3 mm de diámetro con disco castaño alaranxado (foto 3, 4).

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: negativas en talo e medula, as veces medula K^+ amarelo claro e KC^+ rosa.

